

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA MUNICIPAL POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DE COMPETENCIA DO CONCELLO DE ALLARIZ

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS DA TAXA

Artigo 1. Ámbito territorial de aplicación.

A ordenanza fiscal municipal establece o marco normativo e financeiro para a prestación do servizo, substituíndo a ordenanza de taxa de este servizo existente no municipio de Allariz.

Artigo 2. Obxecto, fundamento e natureza.

O Concello de Allariz responsable da ordenación, xestión e planificación do servizo, incluíndo a determinación das condicións do servizo e da planificación de investimentos. Así mesmo, asume a potestade sancionadora que poderá ser delegada na Deputación Provincial de Ourense en tanto esta teña activado o servizo ó efecto e o Concello o delegue total ou parcialmente na mesma, asegurando o cumprimento da normativa vixente en materia de residuos.

Esta ordenanza fiscal representa un paso cara o cumprimento do establecido na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, co fin de mellorar a eficiencia, reducir custos e asegurar un tratamento responsable dos residuos.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133,2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 e 20 e ao abeiro do previsto nos artigos 57 e 20.4.s), do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular (LRSCEC), o Concello de Allariz establece a taxa polo servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos de competencia municipal.



Con esta regulación dáselle cumprimento á esixencia legal de establecer unha taxa específica, diferenciada e non deficitaria e que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflecta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos como establece o artigo 11 da LRSCEC.

CAPÍTULO II. TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS DOMÉSTICOS

Artigo 3. Feito impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos establecido no artigo 2 da LRSCEC.
2. Este servizo de recollida transporte e tratamento de residuos domésticos resulta de recepción obrigatoria.
3. Considéranse residuos domésticos:

Os residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas

- a) Os residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.
- b) Os xerados en servizos e industrias, de composición e cantidades similares aos definidos como domésticos, que non se xerasen como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.

En concreto, inclúense nesta categoría todos aqueles residuos definidos como domésticos no artigo 2 da LRSCEC.

Artigo 4. Exencións.

Estarán exentos do pago da taxa de xestión de residuos os inmobles nos que conorra calquera das seguintes circunstancias de feito:

1. Estar en estado de ruína oficialmente declarado polo concello, de conformidade coa lexislación urbanística vixente. A declaración de non suxeición e correspondente baixa no padrón será producida de oficio unha vez comunicada aprobada na Xunta de Goberno Local do Concello de Allariz a correspondente declaración de ruína.
2. Tratarse dunha vivenda en situación de inhabibilidade. Esta exención será



tramitada a instancia de parte. Para que se recoñeza a exención fiscal, os titulares dos inmobles deberán presentar ante o Concello de Allariz a seguinte documentación:

- a) Informe técnico de inhabibilidade, emitido por un técnico competente, que acredite o estado do inmovible conforme cos estándares legais e normativos de habitabilidade.
- b) Solicitud formal de exención, que deberá incluír os datos de identificación do inmovible, referencia catastral e calquera outra información requirida pola autoridade competente.

A exención terá efectos a partir do exercicio fiscal seguinte á data de presentación da solicitude, unha vez aprobada a exención por parte do Concello de Allariz. Esta exención manterase mentres persista a situación de inhabibilidade acreditada, sendo obrigación do titular do inmovible de comunicar calquera variación sobre as circunstancias que motivaron a concesión da exención

Non poderán acollerse a esta exención os inmobles que, aínda estando declarados inhabitables, se utilicen con fins comerciais, industriais, agrícolas, ou calquera outro uso distinto ao de vivenda.

O Concello de Allariz resérvase o dereito de inspeccionar o inmovible exento en calquera momento para verificar a continuidade da situación de inhabibilidade. No caso de que se constate a habitabilidade ou utilización do inmovible, procederase á revogación inmediata da exención e á cobranza retroactiva da taxa correspondente.

Artigo 5. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, locais ou establecementos beneficiarios do servizo de recollida de residuos domésticos de recepción obrigatoria ao que se refire o artigo 3, feito impoñible, ben sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou, mesmo, precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas, locais ou soares, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas



satisfeitas sobre os usuarios, que son os beneficiarios do servizo, tal e como dispón o artigo 23.2 do TRLRHL.

Artigo 6. Cota tributaria e reducións da cota.

Características da cota tributaria

A cota tributaria nunha cantidade anual que será o resultado do sumatorio dunha cota fixa e da aplicación, no seu caso, das reducións establecidas neste artigo. A cota fixa consistirá nunha cantidade por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles, con carácter anual. Aplicarase, de carácter xeral, unha cota base a vivendas de 88 €/ano de recollida frecuente (3 veces ou mais a semana) e unha cota de 70 ás de recollida 1-2 veces semanais, asimesmo aquelas industrias ou comercios con xeración de residuos domésticos terán unha cuota de 95 € ao ano (neste caso o usuario do servizo deberá ter contratado unha empresa de xestión para a totalidade dos residuos producidos na súa actividade empresarial e así deberá demostralo fehacientemente). A liquidación da cota realizarase con carácter anual de conformidade co disposto no artigos 10 e 12 desta Ordenanza fiscal.

Enténdese como vivenda a un edificio ou parte dun edificio de carácter privativo e con destino a residencia e habitación das persoas. Enténdense locais industriais con xeración de residuos domésticos aqueles que xeran residuos de composición e cantidades similares aos definidos como domésticos, que non se xerasen como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria. Non fai referencia, en ningún caso, ao residuo derivado da actividade industrial que non é competencia das entidades locais (art.12.5 Lei 7/2022), senón derivado da parte asimilable á doméstica como consecuencia de restos de limpeza dos locais que non inclúan restos e rexeitamentos de produción, e as que causen os traballadores no uso das instalacións.

Reducións da cota en vivendas

Co fin de axustar a repercusión dos custos do servizo de recollida de residuos en función da intensidade de xeración e do custo efectivo que soporta o Concello de Allariz, aplicaranse unha serie de reducións sobre a cota tributaria en determinados supostos. Estas reducións están deseñadas para reflectir tanto o menor custo do servizo en situacións específicas, como para incentivar comportamentos que



favorezan a correcta xestión e segregación dos residuos en orixe. As reducións aplicables, que serán compatibles entre si e por tanto acumulables, concederanse exclusivamente a vivendas e fundaméntanse nos seguintes supostos:

1. Redución por realización de compostaxe:

As vivendas que realicen compostaxe doméstica de maneira adecuada, ou no seu caso estean adheridos a un programa de compostaxe comunitario, terán dereito a unha redución do 15% na cota. Esta redución poderá solicitarse mediante acreditación por parte do suxeito pasivo, quen deberá demostrar a realización da compostaxe, segundo o establecido na ordenanza reguladora do servizo (declaración responsable co compromiso de execución e permiso de visita tanto á vivenda como o punto de compostaxe para o persoal municipal encargado desta xestión ou en quen delegue o Concello a función de comprobación), e logo de comprobación técnica por parte do Concello, que verificará condicións como a achega de material orgánico, a humidade e a temperatura, e no seu caso o número de aportes anuais ao composteiro comunitario.

O Concello de Allariz resérvase o dereito para realizar inspeccións anuais para asegurar a continuidade das prácticas de compostaxe. No caso de que non permita realizar a inspección ou os resultados desta sexan negativos, perderase o dereito á redución.

A solicitude, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para gozar destas reducións deberá ser presentada antes do 1 de febreiro do ano correspondente ao pagamento da taxa.

Cotas tributarias aplicables

A cota tributaria da taxa pola prestación do servizo público de recepción obrigatoria de recollida, transporte e tratamento dos residuos de competencia local consistirá nunha cantidade anual, que resultará de aplicar a cota xeral correspondente a cada tipo de inmovible, axustada en función das reducións aplicables ás vivendas, conforme os criterios descritos anteriormente.

Descrición	Cota tributaria	Cota tributaria
------------	-----------------	-----------------



		reducida
Vivendas urbana (recollida 3 ou mais días á semana)	88€	74.80 €
Vivendas con recollida 1 ou 2 veces por semana	70 €	59.5 €

No caso de que nunha mesma entidade rexistral dunha leira coincidan unha cota por actividade económica e unha cota por vivenda, aplicarase unicamente a cota de maior importe, sempre que ambas correspondan ao mesmo suxeito pasivo. O suxeito pasivo deberá comunicar esta situación a través do modelo de solicitude correspondente e presentala en calquera rexistro das administracións públicas de forma física ou telemática antes do 1 de febreiro do ano en curso, e a declaración será válida ata que o suxeito pasivo comunique o contrario.

Se a actividade económica se desenvolve nun establecemento aberto ao público con acceso directo á vía pública, corresponderá tributar polas dúas cotas xerais, tanto a doméstica como a comercial, de maneira simultánea.

Cando varios predios rexistrais ou catastrais se unifiquen fisicamente para constituír un único inmovible ou destino, a cota tributaria aplicarase como se se tratase dun só inmovible, considerando o total da superficie e actividade resultantes, debendo este feito ser comunicado fehacientemente ó Concello.

CAPÍTULO III. TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS COMERCIAIS

Artigo 7.- Feito imponible.

Son servizos municipais complementarios, susceptibles de ser prestados polo sector privado –autorizado para a prestación do servizo, nos termos previstos na normativa vixente en

materia de residuos–, a recollida, transporte e tratamento dos residuos comerciais.

Constitúe o feito imponible da taxa polo servizo de xestión de residuos comerciais, a prestación dos servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos comerciais



non perigosos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos segundo o artigo 2 da LRSCEC. Para estes efectos, terán a consideración de residuos comerciais os xerados pola actividade propia do comercio, polo miúdo e por xunto, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

Artigo 8.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que:

a) Soliciten a prestación do servizo.

b) Resulten especialmente beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo.

2. Os titulares de actividades que xeren residuos comerciais e desexen utilizar un sistema de xestión de residuos distinto ao establecido polo Concello de Allariz, están obrigados a acreditar que teñen contratado un servizo cun xestor autorizado para a xestión de todos os residuos que xere a súa actividade.

A acreditación deberá ser completa, abarcando a totalidade dos residuos producidos, e xestionada por un xestor debidamente autorizado para estes fins. A documentación mínima a presentar para xustificar esta acreditación será a seguinte:

- Contrato asinado coa empresa xestora de residuos, que inclúa unha frecuencia de recollida mínima dunha vez por semana para residuos orgánicos ou envases alimentarios, sempre que o produtor xere este tipo de residuos. En caso de non xerar residuos orgánicos ou envases alimentarios, o produtor deberá acreditarlo documentalmete, e non estará obrigado a cumprir esta frecuencia mínima.
- Tres últimas facturas emitidas polo xestor autorizado (poderán presentarse no período de 6 meses posterior á petición da exención da taxa por parte da empresa solicitante), que acrediten a vixencia do contrato e a correcta prestación do servizo.

A solicitude de acreditación deberá presentarse dentro dos seguintes prazos:

- Se a actividade xa se estaba realizando con anterioridade á entrada en



vigor desta ordenanza: no prazo dun mes desde a súa entrada en vigor.

Tipoloxía	Rango de superficie	Cota anual
Establecementos de alimentación (despachos de pan, carnicerías, froiterías, peixerías, etcétera), florarías, mercados, hipermercados, supermercados e fornos de pan ou asimilables.	Menos de 100m ²	150
	Entre 100 e 500m ²	450
	Máis de 500m ²	1900
Establecementos de aloxamento: Hoteles, hostais, apartamentos e pisos turísticos, aparta-hotéis, albergues, campings, centros docentes con servizo de comedor, cabañas turísticas e asimilables. E centros médicos sen servizo de comedor	Menos de 500m ²	190
	Entre 500 e 1000 m ²	385
	Máis de 1.000m ²	1150
Restaurantes e bares con cociña ou establecementos con cociña, cantina ou comedor.	Menos de 100m ²	360
	Entre 100 e 300m ²	790
	Máis de 300m ²	1120
Bares sen cociña, cafeterías e salóns de festa, discotecas e pubs	Menos de 100m ²	180
	Entre 100 e 300m ²	350
	Máis de 300m ²	940
Oficinas, despachos e servizos profesionais, instalacións deportivas (excluíndo servizo de bar ou cafetería), cristalerías, talleres de ferralla, carpinterías, outros establecementos industriais, almacéns e comercios polo miúdo e por xunto de produtos non perecedeiros e outros locais non recollidos expresamente nos apartados anteriores.	Menos de 100m ²	95
	Entre 100 e 400m ²	200
	Máis de 400m ²	540

- Se a actividade xeradora de residuos se inicia con posterioridade á entrada en vigor: no prazo dun mes desde o inicio da actividade.



1. No caso de que o titular da actividade non acredite o cumprimento do disposto no apartado anterior no prazo indicado, o Concello de Allariz considerará que este titular queda automaticamente adherido ao sistema de recollida, transporte e tratamento de residuos comerciais establecido pola corporación, polo que será considerado suxeito pasivo da taxa regulada nesta ordenanza.
2. Considerarase suxeito pasivo substituto do contribuínte ao propietario dos locais onde se sitúa a actividade xeradora de residuos, de acordo co previsto no artigo 23.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL). O propietario terá dereito a repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios ou arrendatarios, que serán os beneficiarios do servizo.

Artigo 9. Cota tributaria e reducións da cota .

A) Inmobles con recollida en contedores colectivos

A cota para os locais comerciais cuxa recollida se realice a través de contedores colectivos estará determinada pola natureza e o destino dos inmobles, atendendo á capacidade estimada de produción de residuos comerciais e a súa repercusión nos custos do servizo, segundo a tipoloxía da actividade e a superficie do inmovible (tomada na súa totalidade zona comercial e almacéns).

B) Contedores de uso exclusivo.

O Concello de Allariz, conforme cos principios de proporcionalidade e eficiencia do servizo, e en virtude do principio de quen contamina, paga, poderá obrigar a aqueles produtores cuxos residuos xerados excedan as cantidades teóricas máximas previstas para a súa actividade, consonte ao anexo I, a adherirse ao réxime de contedores de uso exclusivo. Esta medida tomarase tras a comprobación mediante expediente administrativo, e a cota establecerase en función do número e volume dos contedores determinados como necesarios. A resolución seralle notificada ao interesado e entrará en vigor a partir da data de emisión do acto administrativo correspondente.

A modalidade de recollida mediante contedores de uso exclusivo poderá ser solicitada polo suxeito pasivo, quen deberá indicar o número de contedores e o volume de cada



un, en función da estimación de residuos xerados pola súa actividade. A solicitude deberá realizarse mediante o modelo correspondente e presentarse en calquera das formas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O mesmo procedemento será utilizado para solicitar unha modificación do número e/ou volume dos contedores asignados previamente. A Administración Tributaria avaliará a solicitude a través da tramitación dun expediente contradictorio, comprobando a realidade da produción de residuos do local ou establecemento. Na resolución que estableza a aplicación deste réxime especial, determinarase o número e volume de contedores de uso exclusivo que deberá empregar o local ou establecemento, de acordo coa produción de residuos acreditada no expediente.

A aplicación deste réxime poderá ser revisada a instancia de parte. As resolucións relativas á aplicación do réxime especial de cotas, así como as súas revisións ou modificacións posteriores, terán efectos no período impositivo seguinte a partir da data de emisión do acto administrativo correspondente.

Os contedores de uso exclusivo para grandes produtores, terán unha cota:

- a) Recollida 1 vez á semana: 400€/ contedor de 800l e 250€/contedor de 250l
- b) Recollida 2 veces á semana ou mais: 700€/contedor de 800l e 350€/contedor de 250l.

Reducións da cota

Co fin de fomentar a separación en orixe e a recollida selectiva da fracción orgánica de calidade (FORM), aplicarase unha redución do 15% sobre a cota trimestral para aqueles locais comerciais que realicen unha recollida selectiva adecuada da fracción orgánica (no caso de que esta exista e supoña cando menos un 20% do residuo xerado) e se adhiran á recollida específica de grandes produtores de biorresiduos que se estableza ou faga compostaxe in-situ, de tal xeito que a inspección municipal poda verificar a realidade do mesmo. Esta redución será aplicable tanto para inmobles con recollida en contedores colectivos como naqueles con recollida en contedores de uso exclusivo.



A redución poderá ser aplicada a solicitude do suxeito pasivo a través do modelo de solicitude correspondente e presentada en calquera das formas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, logo de comprobación polos servizos técnicos do Concello das adecuadas condicións da separación en orixe de FORM en calidade e cantidade. En caso de non dispoñer do servizo de recollida da FORM comercial, o suxeito pasivo deberá solicitarlo previamente ó Concello.

Así mesmo, o Concello de Allariz poderá aplicar esta redución de oficio, sempre que dispoña de información suficiente para acreditar a adecuada separación. O Concello poderá realizar inspeccións anuais para verificar a continuidade da correcta separación e recollida selectiva da fracción orgánica. No caso de que as inspeccións non se puideran levar a cabo por causa do interesado ou ben o resultado da inspección sexa negativo, a redución de cota non será aplicable. No caso de que existindo a dotación necesaria por parte do Concello para a separación das distintas fraccións (envases, vidro, FORM, ...) o local comercial/industrial non realice a obrigatoria separación, que recolle a Ordenanza Reguladora. O suxeito pasivo (comercio/industria) terá a obriga de dotarse dun sistema autorizado de xestión dos residuos e deberá demostrar ante o Concello que así efectivamente o fai mediante o sistema recollido no Artigo 8 punto 2 desta Ordenanza.

CAPÍTULO IV. DISPOSICIÓNS COMÚNS DE AMBAS AS TAXAS

Artigo 10. Normas de xestión, liquidación, inspección e recadación.

1. Para os efectos da aplicación da presente ordenanza, o Concello de Allariz ou a Administración en quen delegue será a Administración Tributaria coa competencia de xestión tributaria, inspección e recadación.
2. A taxa xestionaraa de oficio a Administración Tributaria, a partir dun padrón que se formará anualmente, e aprobarase mediante unha resolución da Alcaldía.
3. O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, ademais de na páxina web do Concello de Allariz. As modificacións, altas e baixas que se produzan ao longo do exercicio tributario incorporaranse ao padrón mediante unha resolución da Alcaldía, que será obxecto de notificación individualizada aos/ás interesados/as, sen prexuízo da súa publicación.



4. As modificacións, altas e baixas individuais no padrón levaranse a cabo de oficio ou a instancia dos/as interesados/as, cando se modifiquen os supostos de feito que determinan a inclusión no padrón, e terán efectos a partir da data da súa aprobación, ou, se é o caso, a partir da data na que a Administración tivo coñecemento da circunstancia que motiva a modificación, suposto no que se indicará na resolución correspondente a data de efectos a mesma.

En todo caso, os/as interesados/as terán a obrigaón de comunicarlle á Administración calquera feito con transcendencia tributaria susceptible de modificar os datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falta de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo/a interesado/a da súa obrigaón de comunicar os cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola Administración Tributaria.

5. A liquidación da taxa realizarase trimestralmente, mediante a emisión dos recibos correspondentes, que lles serán comunicados aos/ás interesados/as para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do devandito padrón. Nos supostos en que o suxeito pasivo contribuínte da taxa non sexa o titular do inmovible ao que se presta servizo, a liquidación realizaráselles directamente aos ocupantes ou usuarios, sen que teña lugar a substitución do contribuínte, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- a) Que sexa solicitada conxuntamente polo propietario e o ocupante ou usuario, achegando o título xurídico que lexítima o uso ou ocupación.
- b) Que o sistema de pago sexa a domiciliación bancaria dos recibos.

En ausencia destes requisitos, ou cando deixen de producirse, a liquidación realizaráselle ao propietario, na súa condición de substituto do contribuínte. En particular, nos supostos de non pago en período voluntario polo contribuínte, a Administración Tributaria poderá modificar o padrón correspondente,

6. No non establecido nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexeráse polo determinado na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.



Artigo 11. Responsables e sucesores.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas e entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria nos supostos e co alcance sinalados en dito precepto.
3. A derivación de responsabilidade requirirá que, trala audiencia previa do interesado, se dite o correspondente acto administrativo, nos termos previstos na Lei xeral tributaria.
4. As obrigacións tributarias pendentes esixiránelles aos sucesores das persoas físicas, xurídicas e entidades sen personalidade, nos termos previstos na Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral.

Artigo 12. Devindicación, período impositivo e pagamento.

1. A taxa devíndicase no momento no que se inicie a prestación do servizo. Cando a taxa se devíndique con carácter anual, terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural. Non obstante, nos supostos de inicio ou cese na prestación do servizo con posterioridade a 1 de xaneiro o período impositivo comprenderá o tempo efectivo de prestación de servizo durante o ano natural e a cota farase a pro rata por trimestres naturais completos, computándose como trimestre completo o de inicio ou cese da prestación do servizo.
2. O cobro da taxa será anual, emitindo os recibos a pago no mes de abril. E sendo o período de pago o longo dos meses de abril e maio
3. Nos supostos en que se produzan modificacións dos suxeitos pasivos con posterioridade ao 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, estas modificacións producirán efecto a partir do trimestre natural seguinte á data de efectividade da modificación.



Disposición Adicional. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias con respecto á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aqueles en os que se realicen remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios dos que traen causa.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión realizada o día 30 de outubro de 2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de 5 de novembro de 2024 que quedou definitivamente aprobada o 17 de decembro de 2024.

ANEXO I. CANTIDADES TEÓRICAS PREVISTAS POR ACTIVIDADE E RANGO DE SUPERFICIE

Tipoloxía	Rango de superficie	Cantidades anuais máximas previstas
Establecementos de alimentación (despachos de pan, carnicerías, froiterías, peixerías, etcétera), florarías, mercados, hipermercados, supermercados e fornos de pan ou asimilables.	Menos de 100 m ²	620 kg/ano
	Entre 100 e 500 m ²	1.860 kg/ano
	Máis de 500 m ²	7.450 kg/ano
Establecementos de aloxamento: Hoteis, hostais, apartamentos e pisos turísticos, aparta-hoteis, albergues, campings, centros docentes con servizo de comedor, cabañas	Menos de 500 m ²	750 kg/ano
	Entre 500 e 1000 m ²	1.500 kg/ano
	Máis de 1.000 m ²	4.490 kg/ano



turísticas e asimilables, centros médicos sen		
servizo de comedor Restaurantes e bares con cociña ou establecementos con cociña, cantina ou comedor	Menos de 100 m ²	1.430 kg/ano
	Entre 100 e 300 m ²	3.080 kg/ano
	Máis de 300 m ²	8.210 kg/ano
Bares sen cociña, cafeterías e salóns de festa, discotecas e pubs	Menos de 100 m ²	660 kg/ano
	Entre 100 e 300 m ²	1.370 kg/ano
	Máis de 300 m ²	3.650 kg/ano
Oficinas, despachos e servizos profesionais, instalacións deportivas (excluíndo servizo de bar ou cafetería), cristalerías, talleres de ferralla, carpinterías, outros establecementos industriais, almacéns e comercios polo miúdo e por xunto de produtos non perecedeiros e outros locais non recollidos expresamente nos apartados anteriores Oficinas, despachos e servizos Profesionais, instalacións deportivas (excluíndo servizo de bar ou cafetería), almacéns e comercios por xunto e outros locais non recollidos expresamente nos apartados anteriores	Menos de 100 m ²	260 kg/ano
	Entre 100 e 300 m ²	2.110 kg/ano
	Máis de 300 m ²	2.110 kg/ano

